

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com/join/335732835463?p=U2YI93A24IRxDoBem3		
Data:	26/05/2025	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon		X
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (09-04-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 09/04/2025.

2. PECHE CECEO 2025

Toma a palabra a Presidenta da FEGADO para realizar unha análise de diversos aspectos relacionados co peche do CECEO 2025, celebrado na cidade de Pontevedra os días 17 e 18 de maio.

Durante a súa intervención, informa que xa se iniciou o proceso de pagamento das diferentes facturas derivadas da organización do evento, entre as que se atopan os gastos correspondentes ao servizo de ambulancia, a adquisición de *flyers* informativos, así como a compra de roupa para as persoas participantes e o voluntariado.

Finalmente, a Presidenta procede a facer unha autoavaliación do desenvolvemento da actividade, destacando os aspectos que funcionaron de xeito satisfactorio e identificando aqueles outros que presentan marxe de mellora de cara a outros eventos como pode ser o CESA.

3. CESA 2025

A Presidenta da FEGADO continúa coa súa intervención informando de que toda a loxística relativa ao evento está sendo xestionada pola Vicepresidenta da Federación. Detalla que os aspectos vinculados ao aloxamento e ás comidas xa están debidamente organizados, estando confirmadas as reservas para as diferentes seleccións participantes. Por outra banda, comunica que a FEDO ten previsto organizar unha proba de *trail-O* na súa modalidade labiríntica, dirixida exclusivamente a persoas con discapacidade recoñecida. Será a propia FEDO a entidade responsable do deseño e da organización desta proba. Co obxectivo de favorecer a inclusión, sinala tamén que se adaptará o percorrido masculino infantil para que poida ser realizado por todas as persoas corredoras con discapacidade. Engade que a FEDO solicita que as

inscricións para este campionato se xestionen a través da plataforma SICO, o que implica que deben ser os clubs das persoas participantes os que realicen as inscricións individuais, reservándose para as Federacións unicamente a xestión das inscricións correspondentes ás probas de relevos. En relación aos percorridos, informa que estes xa están deseñados na súa práctica totalidade, agás na zona sur do Monte Enxa, onde se continúa a traballar no trazado.

Respecto das autorizacións, só resta a do Concello de Santiago, necesaria para empregar unha das estradas do Campus Sur durante o desenvolvemento da proba.

Finalmente, comunica que o acto de presentación oficial do evento terá lugar o vindeiro 12 de xuño nas instalacións da EGAP en Santiago de Compostela. A este acto serán convidadas diversas autoridades, entre as que se inclúen os alcaldes e alcaldesas dos concellos onde se desenvolverán as probas, así como o xerente da Cidade da Cultura, entre outros.

Por último, infórmase de que a entrega de trofeos terá lugar no Monte do Gozo, coa excepción da correspondente á proba de relevos, que se celebrará na Cidade da Cultura.

4. Tecnificación O-pé e MTBO

Toma a palabra a vogal de MTBO para informar de que, ademais do campamento de tecnificación do verán poderíase incluír coa de o-pé prevista por dirección técnica, está programada unha actividade de adestramento por parte do club Gallaecia Raid, que se desenvolverá o día 14 de xuño na contorna de As Pontes, pero pendente de valorar a ubicación; que se pode aproveitar como tecnificación dos preseleccionados con vista a adestrar para o CEOMTBO.

Establécese esa data como única dispoñible entre a proba de liga de Esmelle e a do Campionato de España de finais de xuño en Alicante.

A continuación, intervén o director técnico da FEGADO para comunicar que, tras manter conversacións coa vogal de O-Pé, está previsto organizar dous pequenos campamentos adicionais: un deles terá lugar os días 30 e 31 de agosto, coincidindo coa proba LEOP de Soria; o segundo realizarase en Cabeza de Manzaneda, aínda con datas pendentes de concretar.

Ambos os dous intervincentes conclúen destacando a necesidade de establecer criterios de participación específicos para estas actividades..

5. Criterios CEMTBO e MTBO

Intervén de novo a Presidenta da FEGADO para subliñar a importancia de establecer uns criterios claros para a participación no CEMTBO, así como para o proceso de preselección. En resposta ás intervencións previas das vogalías de MTBO e do director técnico, indica que estes criterios xa se atopan en fase de elaboración. .

6. Dietas alto rendemento

Toma a palabra o tesoureiro para informar de que existe un orzamento asignado de 4.000 euros destinado a deportistas galegos de alto rendemento que participen en probas de selección.

Seguidamente, intervén a Presidenta da FEGADO para comunicar que, neste ano, se establecerá un prazo de 10 días para que as persoas interesadas presenten a súa solicitude, xunto coa documentación correspondente debidamente asinada. Advirte que, unha vez rematado este prazo, aquelas persoas que non teñan completado o proceso perderán o dereito a acceder a dita axuda económica.

7. Aprobación, se procede, dunha nova proba galega de Raid o 20 de xullo en Arnoia

Intervén a Presidenta da FEGADO para informar que, desde a organización do Raid Gallaecia Short, que se celebrará no concello da Arnoia o día 20 de xullo de 2025, puxéronse en contacto coa Federación para propor que esta proba pase a integrarse como a terceira puntuable da Liga Galega de Raids. Tras un intercambio de opinións entre os membros da Xunta Directiva, acórdase por unanimidade elevar esta proposta á consideración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria, coa finalidade de someter a súa aprobación e proceder, de ser o caso, á modificación do calendario oficial de probas da FEGADO.

En consecuencia, acórdase tamén a necesidade de convocar dita Asemblea Xeral Extraordinaria en prazo e forma regulamentarios, co obxectivo de que poida celebrarse durante a vindeira semana.

8. Rogos e preguntas

Intervén o vogal de Raids para propoñer que, de cara á vindeira Asemblea Xeral prevista para o mes de xuño, se publique na páxina web da FEGADO un recordatorio destinado aos clubs, lembrando que aínda están a tempo de achegar propostas con posibles datas e probas a celebrar durante o ano 2026.

Finalmente, toma a palabra o director técnico da FEGADO para solicitar que, na convocatoria da seguinte reunión da Xunta Directiva, se inclúa expresamente na orde do día un punto específico relativo aos mapas e ás instalacións deportivas.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:10 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.